

| Nº | Código do posto | Cons. | Denominación | Niv. | Centro destino | Centro directivo | Concello | Formación | Observacións |
|-----|--------------------|-------|--------------------|------|--|---|------------------------|--|--------------|
| 217 | TRA991000015001072 | TR | Posto base grupo E | 10 | Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña | Servizos periféricos-Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | A Coruña | | |
| 218 | TRC991000036560180 | TR | Posto base grupo E | 10 | Departamento Territorial de Vigo | Servizos periféricos | Vigo | | |
| 219 | TRC992090132240003 | TR | Posto base grupo E | 10 | Oficina de Emprego de Celanova | Servizos periféricos | Celanova | | |
| 220 | VP2010000015770075 | TR | Posto base grupo E | 10 | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais | Santiago de Compostela | | |
| 221 | VP4010000015770050 | TR | Posto base grupo E | 10 | Secretaría Xeral do Benestar | Secretaría Xeral do Benestar | Santiago de Compostela | | |
| 222 | VP4020000015770060 | TR | Posto base grupo E | 10 | DX de Acción Social | Dirección Xeral de Acción Social | Santiago de Compostela | | |
| 223 | VPC991000015001133 | TR | Posto base grupo E | 10 | Delegación Provincial da Coruña | Servizos periféricos | A Coruña | | |
| 224 | VPC991000015001134 | TR | Posto base grupo E | 10 | Delegación Provincial da Coruña | Servizos periféricos | A Coruña | | |
| 225 | VPC991000027001060 | TR | Posto base grupo E | 10 | Delegación Provincial de Lugo | Servizos periféricos | Lugo | | |
| 226 | VPC993010115350011 | TR | Posto base grupo E | 10 | Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades (Ferrol) | Servizos periféricos | Ferrol | | |
| 227 | VPC994021032001010 | TR | Posto base grupo E | 10 | Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense) | Servizos periféricos | Ourense | | |
| 228 | MRC020000015770043 | MR | Subalerno | 10 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | Para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (RI) | |
| 229 | MRC020000015770045 | MR | Subalerno | 10 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | | |
| 230 | MRC991000036001070 | MR | Subalerno | 10 | Delegación Provincial de Pontevedra | Servizos periféricos | Pontevedra | | |
| 231 | PEC020000015770066 | PE | Posto base grupo E | 10 | Secretaría Xeral | Secretaría Xeral | Santiago de Compostela | Para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (RI) | |
| 232 | PEC060000036590014 | PE | Posto base grupo E | 10 | Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño | Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño | Vilagarcía de Arousa | | |
| 233 | PEC993000036001016 | PE | Posto base grupo E | 10 | Deleg. Comarcal de Pontevedra | Servizos periféricos | Pontevedra | | |
| 234 | PEC994030136560086 | PE | Posto base grupo E | 10 | Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo | Servizos periféricos | Vigo | | |
| 235 | PEC994030136560089 | PE | Posto base grupo E | 10 | Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo | Servizos periféricos | Vigo | | |

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 3 de febreiro de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O número 5 da base sexta B) das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, esta se publicará no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspiran-

tes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal, por tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de facultativo/a especialista de área de análises clínicas, facultativo/a especialista de área de aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de farmacia hospitalaria, facultativo/a especialista de área de medicina física e rehabilitación, facultativo/a especialista de área de microbioloxía e parasitoloxía e odontólogo/a de atención primaria de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dos diversos procesos selectivos convocados polas diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es.

relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes e a valoración total, indicando, ademais, se for o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non presentaren a documentación requirida ou por non cumpriren os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO TRES DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(778/2009).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certificado que neste xulgado se seguen autos número 778/2009, por instancia de Jordanis Rivero González, contra *Cafetería Rico Rico, S.L.*, sobre despedimento, en que recaeu sentenza con data do 21 de decembro de 2009 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que, estimando a demanda formulada por Jordanis Rivero González, declaro a improcedencia do seu despedimento e extinguida a relación laboral no día da data e condeno á empresa *Cafetería Rico Rico, S.L.* a que a indemnice coa cantidade de 4.512,61 euros, así como a lle aboar en concepto de salarios de tramitación a cantidade de 8.762,74 euros.

Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este xulgado do social, no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Preveuse a empresa demandada que, para recorrer, deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións, código 1533 0000 60 778 09 de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada Conta do Xulgado do Social número tres, o importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, requisitos sen os cales non será admitido a trámite o recurso, quedando firme a sentenza.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e así-noo».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma a *Cafetería Rico Rico, S.L.*, expido e asino esta cédula na Coruña o 11 de xaneiro de 2010.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial

*Cédula de notificación de sentenza
(784/2009).*

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres da Coruña, dou fe e certificado que neste xulgado se seguen autos nº 784/2009, por instancia de Daniel Alonso Díaz, contra Javier Merelas Rivera, sobre despedimento, en que recaeu sentenza con data do 25 de novembro de 2009 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Que, estimando a demanda formulada por Daniel Alonso Díaz, declaro a improcedencia do seu despedimento e, ao estar a empresa pechada e ser imposible a readmisión, declaro extinguido o contrato de traballo na data desta resolución, e condeno a empresa Javier Merelas Rivera a aboar ao demandante a cantidade de 4.491,48 euros en concepto de indemnización e 6.729,05 euros de salarios de tramitación ata o día da data.

Notifíqueseles esta resolución ás partes, e fágase-lles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este xulgado do social no prazo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Preveuse a empresa demandada que, para recorrer, deberá acreditar o ingreso na c/c de consignacións, código 1533 0000 60 784 09, de *Banesto* (0030) desta cidade, denominada Conta do Xulgado do Social número tres, o importe da condena e 150,25 euros en concepto de depósito, requisitos sen os cales non será admitido a trámite o recurso, quedando firme a sentenza.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá certificación aos autos orixinais para a súa notificación e cumprimento, xulgando pronúncioo, mándoo e así-noo».

E para que conste para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* co fin de que sirva de notificación en forma a Javier Merelas Rivera, expido e asino esta cédula na Coruña o 11 de xaneiro de 2010.

Juan Rey Pita
Secretario xudicial